

INDUMENTARIA AXEITADA. XUSTIFICACIÓN DE DOENZAS OU LESIÓNS. NORMAS DO XIMNASIO.

1.- Indumentaria:

- Antes das sesións prácticas o alumnado que teña Piercings visibles, pendentes, reloxo, ou obxectos perigosos para a práctica da Actividade Física terán que quita-los e deixa-los nos vestiarios ou ó cargo do profesor/a.
- O alumnado co pelo longo deberá asistir ás clases prácticas co pelo atado cunha goma.
- As zapatillas para facer as clases prácticas deberán estar correctamente atadas.
- Distínguese entre os termos **“Roupa Deportiva”** e **“Roupa para facer deporte”**. A *Roupa deportiva* véndese nas tendas de deportes pero é roupa de calle NON APTA PARA A PRACTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA. A *Roupa para facer deporte* tamén se vende nas tendas de deportes e é diferente segundo a especialidade deportiva para a que esta deseñada. Este último tipo de roupa SI É APTA PARA A PRACTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA. **Para as clases de educación física establécese a obriga, por parte do alumnado, de vestir roupa para facer deporte axeitada (zapatillas correctamente atadas, camiseta, pantalón corto ou chándal), de acordo coas distincións feitas anteriormente.**

2.- Xustificantes de doenzas ou lesións:

- No caso de doenzas ou lesións temporais será necesaria a presentación ó profesor/a do xustificante do médico colexiado correspondente no que se fará constar a doenza ou lesión e o tempo de baixa.
- No caso de doenzas posturais o calquera tipo de lesións de longa duración será necesaria a presentación do xustificante do médico colexiado correspondente no que se fará constar a doenza ou lesión e as actividades físicas que pode realizar e as que non.
- En ámbolos dous casos só estarán, os alumnos/as de baixa, no apartado práctico da materia tendo a obriga de facer tódalas probas escritas que se programen para o seu nivel de estudos.

3.- Normas do ximnasio:

- O Ximnasio non é un espacio destinado a gritar e facer ruído.
- Non se pode acceder á pista con calzado sucio, mollado ou inaxeitado.
- Non se poden arrastrar os bancos ou calquera outro obxecto que poida raiar o pavimento.
- Non está permitido dar balonazos contra as paredes nin o teito.
- Non está permitido comer no interior do ximnasio.
- Non se deben arroxar papeis, bolsas de plástico, etc... ó chan.
- Hai que coida-lo material para evitar o seu deterioro. Cada grupo de alumnos/as será responsable do seu correcto emprego.
- Calquera anomalía, extravío ou desperfecto que se produza debe ser comunicada de inmediato ó profesor/a.
- O alumnado deberá colaborar co profesor no transporte, distribución e recollida do material necesario para cada sesión.
- Non se pode saír do ximnasio sen autorización expresa do profesor/a (nin para ir ó servizo).
- Dentro dos vestiarios rexen ás mesmas normas de comportamento que no ximnasio: respecto ás instalacións, manchar o menos posible, respectar a intimidade dos compañeiros/as que queiran ducharse mantendo a porta pechada.